

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

EXTRACTO da Orde do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da instalación de valados fixos como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809F).

BDNS (Identif.): 737518.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza celta, equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

Segundo. Obxecto

Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques de lobo, coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o cal se incentiva a adquisición de elementos preventivos (valados fixos) dos danos que poida ocasionar esta especie, e realizar a súa convocatoria para o ano 2024 (procedemento MT809F).

Terceiro. Bases reguladoras e convocatoria

Orde do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da instalación de valados fixos como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809F).



Cuarto. Contía

As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cun importe total de cinco-cientos mil euros (500.000 €).

Subvencionarase a adquisición e instalación de valados fixos:

a) Valados fixos electrificados.

O importe máximo da axuda será de 3,5 € por metro lineal, ata un máximo de 1.750 € por valado, IVE excluído.

b) Valados fixos con malla gandeira ou cinexética metálica.

O importe máximo da axuda será de 4,5 € por metro lineal, ata un máximo de 4.500 € por valado, IVE excluído.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de axuda será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2023

Ángeles Vázquez Mejuto

Vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: ew83lxc0-y1f7-kt98-ekj3-yupviqg6nn91

